


Itinerario profesional dos traballadores dentro do organigrama tipo

O Itinerario Profesional intenta ordenar secuencialmente a traxectoria formativa que deben seguir os traballadores para lograr as esixencias profesionais en cada ocupación. Os módulos están estruturados para que o traballador vaia adquirindo de modo progresivo os coñecementos, partindo dende o nivel máis básico. Por iso existen os módulos específicos da ocupación; os polivalentes, que permiten a aprendizaxe doutros módulos; e os ocupacionais, que facilitan o coñecemento da ocupación dentro do da estrutura produtiva do sector téxtil.


A través do itinerario o traballador poderá aumentar ou renovar os coñecementos referidos á tecnoloxía, instrumentos, procesos e procedementos, de modo que se poida adaptar aos continuos cambios, nestes aspectos, producidos no sector e evitar o seu illamento e limitación profesional.

Desta maneira mellórase o nivel de competencia do propio traballador, aumentando a súa flexibilidade e permitindo a captación de novas capacidades actitudinais e aptitudinais.

Os seguintes itinerarios están recompilados da oferta existente na actualidade principalmente ofrecida polo INEM e por academias privadas, como no caso do deseñador/a e das ocupacións emerxentes como encargado/a de loxística. En apartados posteriores do estudo reflectiranse as necesidades formativas detectadas no sector e unha proposta dos cursos necesarios para suplilas. Algúns deles están cubertos con estes itinerarios formativos, pero existen innovacións e cambios que aínda non están reflectidos na oferta formativa existente.




PROGRAMADOR/A



BORDADOR/A






PRANCHADOR/A



PATRONISTA - ESCALADOR/A



TECEDOR/A



REVISADOR/A



